



Á Mesa do Parlamento


Os deputados abaixo asinantes, pertencentes ao **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 52 e concordantes do Regulamento da Cámara, **SOLICITAN A CREACIÓN DUNHA COMISIÓN DE INVESTIGACIÓN** para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa actual situación, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos.

A transformación do sistema financeiro veu marcada pola normativa estatal, especialmente polo "*Real Decreto-ley 2/2011, de 18 de febrero, para el reforzamiento del sistema financiero*", aprobado polo anterior goberno socialista, que provocou a súa bancarización.

A Comunidade Autónoma de Galicia pese aos cambios normativos conseguiu manter unha entidade financeira galega, Novagalicia Banco.

Esta entidade mantense no mercado financeiro a pesar das condicións de capitalización e solvencia impostas pola normativa, condicións cada vez máis esixentes. Este proceso de transformación provocou preocupación social, en particular no relativo a varias cuestións como coñecer a situación real na que se atopaban estas entidades, as indemnizacións e retribucións dos antigos xestores das caixas de aforros, e a comercialización incorrecta de produtos de alto risco como as participacións preferentes.

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, está comprometido coa transparencia e desde o primeiro momento se mostrou favorable a investigar e analizar a evolución deste proceso de transformación. Este Grupo Parlamentario considera fundamental garantir a viabilidade como entidade financeira autónoma de Novagalicia Banco, pola importancia desta para a economía galega, así como do sostemento da obra social que corresponde desenvolver a Novacaixagalicia. Polo tanto todos os nosos esforzos deben ir



**grupo
parlamentario**
de Galicia



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/06/2012 10:49
Nº Rexistro: 84886
Data envío: 27/06/2012 10:49:33.169

dirixidos a consolidar este proxecto o que require que nos concentremos en exclusiva nesa tarefa.

Por iso unha vez que remate o proceso de recapitalización é o momento axeitado para proceder a abrir unha investigación parlamentaria, tendo en conta ademais que algunha das cuestións que serían obxecto de investigación están sendo obxecto de actuacións xurisdicionais, como é o caso das indemnizacións dos ex-directivos ou a comercialización das participacións preferentes.

Por todo o exposto, os deputados abaixo asinantes, pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular de Galicia, solicitan:

A creación dunha Comisión de Investigación para analizar e avaliar a evolución económico-financeira das antigas caixas de aforros e as causas e responsabilidades da súa actual situación, incluíndo as indemnizacións millonarias dos seus ex-directivos.

Santiago de Compostela, 27 de xuño de 2012

Asinado dixitalmente por:

Alberto Nuñez Feijoo na data 27/06/2012 10:42:40

Pilar Rojo Noguera na data 27/06/2012 10:42:49

Pedro Puy Fraga na data 27/06/2012 10:42:57

Marta Rodríguez Arias na data 27/06/2012 10:43:17

Román Rodríguez González na data 27/06/2012 10:43:22

Antonio Rodríguez Miranda na data 27/06/2012 10:43:37

Miguel Ángel Santalices Vieira na data 27/06/2012 10:43:43

Jose Manuel Balseiro Orol na data 27/06/2012 10:43:52

María Seoane Romero na data 27/06/2012 10:43:55

**GRUPO PARLAMENTARIO POPULAR
DE GALICIA**
Rúa do Hórreo, 63
15702 Santiago de Compostela
T. 981 531 510
F. 981 531 422
www.parlamentodegalicia.es
www.ppe-galicia.com